



INSTRUCCIÓN SOBRE O PLAN EMPRESARIAL DE PREVENCIÓN DE RESIDUOS DE ENVASES

Os plans empresariais de prevención elabóranse co obxectivo de reducir a cantidade de residuos de envases que se xeran ao comercializar os produtos.

Quen o debe presentar?

Os responsables da posta no mercado de produtos envasados ou de envases industriais ou comerciais que, tralo seu uso, xeren unha cantidade de residuos de envases superior a:

- 250 Tm. , cando se trata exclusivamente de vidro
- 50 Tm. , cando se trata exclusivamente de aceiro
- 30 Tm. , cando se trata exclusivamente de aluminio
- 21 Tm. , cando se trata exclusivamente de plástico
- 16 Tm. , cando se trata exclusivamente de madeira
- 14 Tm. , cando se trata exclusivamente de cartón, ou materiais compostos
- 350 Tm. , cando se trata de varios materiais e cada un de eles non supera de forma individual, as cantidades anteriores

Quen o elabora?

No caso de que a empresa estea adherida a algún sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados (SIX), o plan empresarial de prevención poderá ser elaborado polo propio SIX.

Cal debe ser o seu contido?

Os plans empresariais de prevención deben incluír os obxectivos de prevención cuantificados, as medidas previstas para alcanzalos e os mecanismos de control, seguindo os seguintes indicadores:

- O aumento da proporción da cantidade de envases reutilizables con relación á cantidade de envases dun so uso, salvo que unha análise de ciclo de vida demostre que o impacto ambiental da reutilización de dichos envases é superior ao da reciclaxe ou outra forma de valorización.
% reutilización = $\frac{\text{núm. envases reutilizados}}{\text{núm. envases dun so uso}}$
- O aumento da proporción da cantidade de envases reciclables con relación á cantidade de envases non reciclables.
% de reciclabilidade = $\frac{\text{núm. de envases reciclables}}{\text{núm. de envases non reciclables}}$
- A mellora das propiedades físicas e das características dos envases que lles permitan:
 - Soportar maior número de rotacións, en caso da súa reutilización
 - Mellorar as condicións da reciclaxe
 - Reducir a nocividade e perigosidade dos materiais contidos en eles
 - Minimizar os impactos ambientais das operacións de xestión dos residuos a que dean lugar
- A diminución en peso do material empregado por unidade de envase, especialmente nos destinados a un so uso.
- A redución, respecto ao ano precedente, do peso total dos envases de cada material postos no mercado, especialmente os de un so uso, seguindo:

$$\frac{K_r}{K_p} = \frac{\text{Cantidade total en peso dos residuos de envase xerados nun ano}}{\text{Cantidade total en peso dos produtos envasados consumidos nun mesmo ano}}$$

- A non utilización de envases superfluos e de envases dun tamaño ou peso superior ao promedio estatístico doutros envases similares.
- A non utilización de envases onde a relación entre o continente e o contido, en peso, sexa mais favorable que a media, tomando en consideración cada un dos seguintes materiais: vidro, papel, cartón, aceiro, aluminio, madeira e outros.
- A utilización de envases cunhas propiedades físicas ou características de deseño, fabricación ou comercialización que aumenten as posibilidades de valorización, incluído a reciclaxe.
- A incorporación de materias primas secundarias, procedentes da reciclaxe de residuos de envases, na fabricación de novos envases ata as porcentaxes técnica e economicamente viables e que ao mesmo tempo, permitan cumprir os requisitos básicos sobre a composición e natureza dos envases reutilizables e valorizables incluídos os reciclables.



Cando se debe presentar?

Os plans empresariais de prevención preséntanse cada 3 anos, pero débense revisar sempre que se produza un cambio significativo na produción ou no tipo de envases usados.

Antes do 31 de marzo de cada ano débese acreditar o grao de cumprimento dos obxectivos previstos para o ano natural anterior.

A quen se dirixe?

Ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea domiciliada a empresa.

En Galicia o órgano competente é:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Servizo de Planificación, Prevención e Información
Rúa San Lázaro, s/n
15781 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Onde se presenta?

- No Rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou nos rexistros das Xefaturas territoriais.
- Nos rexistros dos concellos, cando teñan subscrito o convenio de portelo único.
- Nas oficinas de correos (correo certificado).

Normativa aplicable

- Disposición adicional 7ª da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- Disposición transitoria 4ª do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.